

“Todo o que sempre quixeches saber e nunca te atreviches a preguntar sobre as drogas”

NIN + NIN -

información sobre DROGAS



Información contrastada



Pautas de actuación



Asesoramento



Confidencialidade garantida

CONTACTA CON NÓS

Centro Universitario de Riazor (Biblioteca antiga Empresariais)

Rúa Almirante Lángara, s/n, A Coruña
Teléfono: 981 22 10 00 ext. 38412

Horario: primeiro e último mércores do mes de 17:00 a 19:00 horas (excepto en períodos vacacionais)



@sobredroga



@sobredrogas



@sobredroga



647 566 743

NI + NI – é un punto de información sobre drogas (alcol, tabaco, cannabis, cocaína,...) e outras posibles conductas adictivas (compras, redes sociais, uso do móbil, videoxogos e apostas,...), situado no Centro Universitario de Riazor (Biblioteca antiga Empresariais) que estará aberto o primeiro e o último mércores de cada mes de 17:00 a 19:00 (agás en períodos vacacionais).

O obxectivo do punto, xestionado por Cruz Vermella Xuventude é proporcionar información veraz e contrastada que permita á mocidade resolver tódalas súas dúbidas acerca das drogas, tanto legais como ilegais, e o universo que as rodea.

Entre as diferentes accións que vamos a levar a cabo están:

- Traducir o coñecemento científico a unha xerga máis coloquial.
- Comunicar de forma directa e preta información veraz sobre calquera droga (as propiedades, a posoloxía, as contraindicacións, as precaucións, os efectos secundarios, as interaccións con outras drogas e/ou fármacos, as intoxicacións e temas legais).
- Explicar as novas adicións do século XXI como as compras, redes sociais, nomofobia, videoxogos e apostas, entre outras.
- Concretar pautas sobre xestión de praceres e de redución de riscos durante o consumo.
- Analizar os hábitos e as actitudes de forma individualizada.
- Informar sobre os diferentes recursos de atención especializada que existen.
- Favorecer a adquisición de hábitos, rutinas e estilos de vida saudable.
- Fomentar un ambiente de comunicación que favoreza o intercambio de coñecementos e/ou opinións.

En definitiva, pretendemos crear un lugar de encontro onde consultar todo o que sempre quixeches saber e nunca te atreviches a preguntar sobre as drogas e outras adicións dende a ausencia de xuízos morais e respectando á persoa como protagonista das súas decisións.